



XUNTA
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

SA-8M2-Tecendo redes no 8M

Tecendo redes no 8M

“Xela é unha redeira que vive e traballa nunha vila moi fermosa á beira do océano Atlántico, na costa galega”. Así comeza o conto de Xela, a redeira que constituirá o fío condutor desta proposta didáctica que fai homenaxe a unha profesión tan tradicionalmente feminina en Galicia como é a das redeiras.

Achega

- ▶ Contrachapado ou cartón de 2 ou 3 mm.
- ▶ Cortadora láser, impresora 3D ou coitelos de precisión.
- ▶ Tesoiras e agulla de punta roma.
- ▶ Algún tipo de rede (podería ser unha rede de pesca de algodón ou unha malla de laranxas ou patacas).
- ▶ Restos de la ou fíos naturais (poderían ser de diferentes cores).

Observa

Imos achegarnos ao mundo de Xela a través da lectura do seu conto, coñecendo a súa familia, amigos, estilo de vida, tradicións... Así mesmo, tentaremos axudar a Xela, ás súas compañeiras redeiras e ao medio mariño restaurando unha rede fóra de uso á que lle daremos unha nova vida. Para isto, empregaremos o noso propio tear. Investigaremos como é a estrutura dun tear e cales son os puntos básicos do tecido.

Indaga

- ▶ Sabías que en Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco o de redeira é un oficio maioritariamente desempeñado por mulleres?
- ▶ O Peirao é a Federación Galega de Redeiras Artesás posta en marcha no ano 2004. Conta con 8 asociacións de mulleres localizadas en Cariño, Cedeira, O Feital, Illa da Estrela, Portosín, Virxe do Carme, O Cerco e Atalaia. Visita a súa páxina [web](#) e localiza no mapa de Galicia estas asociacións.

- ▶ Coñeces a illa de plástico do Océano Pacífico? É denominada “o sétimo continente” debido á súa grande extensión. Triplica o tamaño de Francia e é o maior vertedoiro oceánico do mundo. Estímase que as redes de pesca representan o 46 % da súa superficie.
- ▶ Poderías atopar un punto de unión entre as redes e a moda? As redeiras galegas traballan man a man con grandes empresas téxtiles deseñando e tecendo pezas de vestir e obxectos de moda con redes.

Ata non hai moitos anos, as redeiras arraxaban as redes que viñan danadas do mar e volvíanas coser para que estivesen listas para ser reempregadas, mais hoxe en día técese redes novas. Emprega a túa creatividade e convértete en deseñador/a de moda para dar unha nova vida a algunha vella rede e deseña un obxecto ou unha peza nova. Podes visitar estas páxinas web para inspirarte:

<https://artesianiadegalicia.xunta.gal/gl/proxecto-enredadas>

<https://cholita.gal/>



Segue o código QR do reverso para descargar o material complementario. Emprega o acceso de convidados.

